



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A FIRMA DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER OFICIAL IMPARTIDAS NA FACULTADE DE QUÍMICA.

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións das Universidades, por iso é polo que sexa un dos obxectivos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) o complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permite coñecer a realidade laboral.

A administración non debe ser allea á necesidade dun maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, alcanzando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

O Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, establece no seu art. 8.f o dereito dos estudantes á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas. O Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, establece, no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que os estudantes matriculados en ensinos impartidos pola universidade realicen prácticas académicas externas.

Con esta finalidade, o INTECMAR asinou convenios de colaboración educativa coas tres universidades galegas. Concretamente coa USC asinou en 2015 un convenio para realizar prácticas académicas externas que se prorrogou automaticamente ata este ano. Coa entrada en vigor do "Real Decreto-ley 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urgentes para la ampliación de derechos de los pensionistas, la reducción de la brecha de género y el establecimiento de un nuevo marco de sostenibilidad del sistema público de pensiones", existe dende o 1 de xaneiro de 2024 a obriga de incluír no sistema da Seguridade Social aos alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas en empresas, polo que esta universidade decidiu modificar o convenio e adaptalo á nova normativa.





Co novo convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa coa Universidade de Santiago de Compostela, delimitando as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas. No convenio determínanse os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación das prácticas realizadas polos estudantes nas instalacións do INTECMAR. Establécese que a relación dos estudantes co INTECMAR en ningún caso terá carácter laboral, e, polo tanto, non poderán dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. As actividades realizadas polos estudantes sempre estarán orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que non poderán asinar informes, ditames ou similares.

O texto deste novo convenio é moi similar ao do convenio anteriormente asinado polo INTECMAR coa USC, actualizando só algunhas cláusulas. Do mesmo xeito que o anterior, este convenio non xerará gastos para o INTECMAR, polo que non é preciso elaborar unha memoria económica.

Vilagarcía de Arousa,
A directora do Intecmar

M^a Covadonga Salgado Blanco

